



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Elaboración de programacións didácticas

CONVOCATORIA: Convocatoria AUTONÓMICA, primeiro semestre

GRUPO: Consellería de Medio Rural

ÁREA: Consellería de Medio Rural

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓN:	1

DATA MATRÍCULA: Do 18/02/2017 - 08:00h ao 27/02/2017 - 14:00h

RESPONSABLE: ROMERO BALEIRON, ANGEL [angel.romero.baleiron@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

As programacións didácticas forman parte da actividade profesional docente, intentando mellorar o proceso ensinanza-aprendizaxe. Trátase dun proxecto que: Recolle as necesidades e características do alumnado, analiza os obxectivos para alcanzar, explicita as decisión que se toman nun grupo docente, intenta desenvolver as máximas expectativas de éxito por parte do alumnado, sendo o documento de acción educativa. A súa finalidade se relaciona coa xestión práctica do proceso ensinanza-aprendizaxe e os seus resultados, recolle as intencións educativas concretas, proporciona un marco coherente ao grupo docente, evita a improvisación e o activismo sen intención educativa e determina as aprendizaxes imprescindibles e esperábeis ao rematar o ciclo. É a concreción contextualizada das decisións tomadas no PEC e no PCC, garantiza unha avaliación obxectiva, onde os contidos, obxectivos e criterios de avaliación podan ser coñecidos, permite a toma de decisión por parte dos docentes, aumenta a conciencia dos docentes sobre a súa práctica educativa, respondendo ás características de adecuación, concreción, flexibilidade e viabilidade. Dada a importancia das programacións didácticas, obsérvase unha carencia formativa dos docentes dos centros de formación e experimentación agroforestal da Consellería do Medio Rural.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

- Concepto e fundamentos do currículo
- Niveis de concreción curricular. Necesidade de programar
 - Programación e avaliación como aspectos fundamentais do proceso ensinanza-aprendizaxe
 - Lexislación
 - Principios e valores que guían o Proxecto Educativo de Centro
 - Características do centro, entorno, alumnado, área e materia.
 - Competencias básicas. Obxectivos. Contidos.
 - Principios metodolóxicos. Organización dos tempos, agrupamentos e espazos.
 - Materiais e recursos.
 - Resposta á diversidade do alumnado. Criterios xerais, principios e medidas de atención á diversidade.
 - Educación en valores. Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
 - Criterios e indicadores da avaliación.
 - Procedementos e instrumentos da avaliación. Temporalización
 - Avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe
 - Exemplo de Programación Didáctica
 - Exemplo de Unidade Didáctica

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terán prioridade os traballadores dos centros de formación e experimentación agroforestal que imparten clases nos Ciclos formativos de formación profesional. De non cubrirse a totalidade das prazas, poderá admitirse a outros traballadores da Consellería de Medio Rural que estean interesados neste tema.

3. DATOS EDICIÓNS

GUISAMO

LOCALIDADE: Guísamo-Bergondo

INICIO / FIN: 19/04/2017 a 03/05/2017

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 03/05/2017

DOCENTES NOMEADOS

Jesús Manuel Rodríguez Buján

Nicolás Espasandín Gerpe

ANA MARÍA AREA GÓMEZ

Marcos Vilariño Cabezas

LUGAR DE REALIZACIÓN

Os días 19, 20, 26 e 27 de abril e 3 de maio de 16:00 a 20:00 h no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo.Lg. Bos, 14 – Guísamo (Estrada N-VI Km. 581) 15640 – Bergondo